

PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS XERAIS DE CUALIFICACIÓN NA ESO

Teranse en conta distintos procedementos básicos: Observación directa do profesor/a,, corrección do profesor/a. observación ,corrección entre o alumnado e autoavaliación.

Teranse en conta distintos instrumentos:

- Probas obxectivas ou exames, ben orais ou escritas que , nalgúns casos, poderán realizarse sen aviso previo ao alumnado para comprobar a asimilación de coñecementos e o bo desenvolvemento dos contidos curriculares.
- Exames ou traballos sobre libros de lectura obrigatorios. Os traballos teranse que entregar no prazo fixado,só se recollerán fóra de prazo se está debidamente xustificadas.
- Caderno: o alumnado terá un caderno para esta materia no que ten que reflectirse o traballo feito na clase, as tarefas da casa,... O caderno será revisado en cada avaliación ou cando a profesora o considere conveniente. Igualmente terá que ter ordenadas as posibles fotocopias entregadas pola profesora, posibles redaccións corrixidas...
- Participación na clase: terase en conta a participación activa do alumnado na clase.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN NA ESO

Os criterios de avaliación serán os seguintes en todas as avaliacións:

- Probas escritas específicas: dúas por avaliación das unidades correspondentes : **80%**
- Traballo diario: tarefas realizadas (ben na casa ou na aula), traballo en equipo, traballo voluntario, interese amosado na clase, actitude ante a materia e a súa expresión oral.... :**10%**
- Traballos ou controis sobre o libro de lectura: **10%**
- A mala ortografía e a incoherencia expresiva penalizarase en cadansúa proba ata un máximo de: 1 punto en 1º e 2º da ESO, 1,5 puntos en 3º e 4º da ESO. (0,1 faltas leves, 0,2 faltas graves).
- O resultado da media das diferentes probas debe ser igual ou superior a 5.
- Poderase facer unha recuperación de cada unha das avaliacións suspensas.
- Será preciso ter como mínimo para unha cualificación positiva, un cinco en cada avaliación.
- O alumnado que durante calquera proba obxectiva sexa sorprendido copiando terá unha cualificación negativa de cero nesa proba.
- Haberá un exame final e global para aqueles alumnos que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas. De teren unha soa, terá a posibilidade de recuperala neste exame final.

-Cálculo para obter a cualificación final de curso:

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións.

Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5. O alumnado coa materia aprobada poderá incrementar ata 1 punto a media das tres avaliacións

segundo o traballo desenvolvido no período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final da ESO.

No avaliación ordinaria de xuño o alumnado suspenso demostrará os coñecementos dos contidos mínimos da materia. Neste exame ordinario tamén poderán aparecer cuestións sobre algún dos libros de lectura realizados non curso. Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

Libros de lectura obrigatoria:

1º ESO

1ª avaliación: Bala Perdida de Manuel Rivas

2ª avaliación: O achado do castro de Núñez Singala

3ª avaliación: O misterio das badaladas de Xabier P. Docampo

2ª ESO

1ª avaliación: As confesións de Carlota Doyle de Avi

2ª avaliación: Cartas de inverno de Agustín Fernández Paz

3ª avaliación: Recinto gris de Leticia Costa

3ª ESO

1ª avaliación: Europa express de Andrea Maceiras

2ª avaliación: Investigación 091 de Pepe Carballude

3ª avaliación: Camiños na auga de Núñez Singala / Mentira de Care Santos (a elixir)

4º ESO

1ª avaliación: Os comedores de patacas de Manuel Rivas

2ª avaliación: Os nenos da varíola de Mª Solar

3ª avaliación: Os vellos non deben de namorarse de Castelao

(A lectura destes libros poderá variar dependendo das ofertas editoriais, tanto nos seus títulos coma nos autores , ou tamén por razóns ligadas a adaptacións dun determinado grupo)